

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 6 DE NOVEMBRO DE 2008.-**

**Presidente:**

Sr. Alcalde-Presidente  
D. Iván Puentes Rivera.

**Asistentes:**

D. Antón Lois Noceda Carballo.  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silvar Canosa.  
D. Manuel López Rodríguez.  
D<sup>a</sup> Amalia García Balado.  
D. Manuel Angel Rodríguez Carballeira.  
D. José Antonio López Rodríguez.  
D<sup>a</sup> Rita María Couto Seijido  
D<sup>a</sup> Inés Roca Requeijo.  
D. Manuel Vicente Pico Sanmartín  
D. Manuel Polo Gundín  
D. Edgar Antonio Vigo López  
D. Gumersindo Pedro Galego Feal.  
D<sup>a</sup> Rocío Aurora Bértoa Puente.  
D. Juan José Franco Casal.  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar Fornos Corral  
D. Manuel Sánchez Martínez.

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dezaioito horas do día seis de novembro de dous mil oito, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Iván Puentes Rivera, e coa asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as Don Antón Lois Noceda Carballo, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silvar Canosa, Don Manuel López Rodríguez, D<sup>a</sup> Amalia García Balado, Don Manuel Angel Rodríguez Carballeira, Don José Antonio López Rodríguez, D<sup>a</sup> Rita María Couto Seijido, D<sup>a</sup> Inés Roca Requeijo, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín, Don Manuel Polo Gundín, Don Edgar Antonio Vigo López, Don Gumersindo Pedro Galego Feal, D<sup>a</sup> Rocío Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal, Dona M<sup>a</sup> Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Asiste á sesión a Interventora municipal D<sup>a</sup> Marta Roca Naveira, e actúa como Secretaria D<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo, Secretaria xeral do Concello, que da fe do acto.

**Interventora:**

D<sup>a</sup> Marta Roca Naveira.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**Secretaria:**

D<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS EN DATAS 3 DE XULLO DE 2008, 17 DE XULLO DE 2008, 4 DE SETEMBRO DE 2008 E 30 DE SETEMBRO DE 2008.-**

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde-Presidente pregúntase se existe algunha obxección ou observación ás actas das sesións celebradas en datas 3 de xullo, 27 de xullo, 4 de setembro e 30 de setembro de 2008, previamente remitidas coa convocatoria.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que estiveron a falar o voceiro de EU e él e cren que hai un erro na acta onde se da conta da Conta Xeral que di que se aproba por unanimidade e cre lembrar que eles se abstiveron, e

que se corresponde coa acta de data 3 de Xullo de 2008, na páxina 13. O Sr. Alcalde pregunta si se refiren á liquidación do orzamento de 2007 que é na páxina 10 de dita sesión e que se refire a dar conta, polo que non hai votación.

De seguido pide o uso da palabra a Sra. Secretaria quen, unha vez concedido, manifesta que, ao non actuar ela na citada sesión como Secretaria, descoñece os acordos que na mesma se adoptaron, polo que o extremo ao que se refire o Sr. Galego Feal debe ser comprobado pola funcionaria que actuou como Secretaria en dita sesión.

O Pleno da Corporación acorda por unanimidade deixar pendente a aprobación da acta da sesión celebrada en data 3 de xullo de 2008.

Seguidamente polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a aprobación das actas do 17 de xullo, 4 de setembro e 30 de setembro de 2008, sendo aprobadas por unanimidade.

Á vista o resultado da votación, decláranse aprobadas as actas das sesións celebradas en datas 17 de xullo, 4 de setembro e 30 de setembro de 2008.

## **2.- EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 21/08.-**

A continuación, polo Sr. Alcalde-Presidente dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 23 de outubro de 2008 que transcrito di:

### **“3º.- EXPEDIENTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚM. 21/2008.**

De seguido dáse conta da proposta da Alcaldía de data 20 de outubro de 2008 que, transcrita di:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDIA**

A Alcaldía propón á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de concesión de suplemento de crédito, e se propoña ó concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte

#### **EXPOSICION DE MOTIVOS:**

Na memoria adxunta ó expediente, expoñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Vistos os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sométese ó dictame desta Comisión a seguinte

#### **PROPOSTA DE ACORDO:**

1º. Aproba-lo expediente nº 21/2008 de Suplemento de Créditos por un importe global de 7.845,87 € conforme ó seguinte detalle:

PARTIDA	ORZAMENTO	IMPORTE MODIFICACION (€)
---------	-----------	--------------------------

2008	
111/226.03	1.740,00
452/227.06	3.223,71
451/227.06	2.882,16
<b>TOTAL</b>	<b>7.845,87</b>

2º.- Financia-lo expediente nº 21/2008 de suplementos de créditos mediante o remanente líquido de tesourería para gastos xerais por importe de 7.845,87 euros.

3º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do RDL2/2004, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do apartado 1 do presente acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, e unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións.”

Fene, a 20 de outubro de 2008.

A ALCALDESA ACCTAL,  
Asdo. Rita Mª Couto Seijido”.

A continuación dáse conta do informe de Intervención de data 20 de outubro de 2008 que, transcrito di:

#### **“INFORME DE INTERVENCIÓN**

#### **ASUNTO: EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CREDITOS Nº 21/2008.**

Emítase o presente informe en cumprimento do esixido polos artigos 177.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004 e 37.3 do RD 500/1990.

#### **Normativa aplicable.**

Ley 7/1985 Reguladora de las Bases del Régimen Local.

Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Real Decreto 500/1990 que aprueba el Reglamento Presupuestario.

Bases de ejecución del Orzamento municipal para o exercicio 2008.

#### **Consideracións.**

1. A pretensión da Alcaldía de tramitar expediente de suplemento de créditos fundamentase na causa prevista en el artículo 177.1 do RDL2/2004 e artigo 35 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril.

Acreditase o carácter específico e concreto dos gastos e afirmase a imposibilidade e inconveniencia de demoralos a exercicios futuros.

2. O Sr. Alcalde é órgano competente para ordena-la incoación do expediente, por así telo previsto o artigo 177.1 do RDL2/2004 e artigo 37 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril.

3. A documentación existente no expediente é a ordenada no artigo 37, puntos 1 y 2 do referido Real Decreto.

4. Acompañanse ó expediente os certificados e informes de Intervención acreditativos da insuficiencia de crédito nas bolsas de vinculación xurídicas , e consecuentemente, nas partidas afectadas, co que se cumpre co preceptuado no artigo 37.2 letra b. En todo caso, as partidas do Orzamento de 2008 afectadas por este suplemento de crédito teñen crédito inicial, pero o mesmo é insuficiente para os maiores gastos derivados da tramitación do expediente de recoñecemento extraxudicial ó que vai ligado este expediente.

5. Proponse que o suplemento de crédito se financie con cargo ó Remanente Líquido de tesourería para gastos xerais por importe de 7.845,87 euros, o cal é legalmente posible por así prevelo expresamente o artigo 36.1 a) do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril.

6. O artigo 37.1 do R.D. 500/1990 indica que os expedientes de suplemento ou crédito extraordinario incoaranse por orden de Alcaldía, pero que a súa tramitación ou incoación efectiva corresponderá ás diferentes unidades administrativas que teñan ó seu cargo a xestión dos créditos ou sexan responsables dos correspondentes programas. A este respecto, manifestar que, como é habitual no Concello, dita incoación (Memoria xustificativa e demais documentación) foi elaborada polos servicios de Intervención e subscriba polo Alcalde, ante a escasa implicación na xestión orzamentaria e na tramitación de expedientes por parte dos diferentes centros ou departamentos administrativos deste Concello.

O Real Decreto citado e o propio RDL2/2004, de 5 de marzo únicamente encomendan á Alcaldía a orde de iniciación ou de incoación do expediente e á Intervención a emisión do preceptivo informe e das certificaciones que procedan sobre a situación orzamentaria das diferentes partidas, sin encargar nin a un nin a outro órgano a incoación ou elaboración material do expediente.

### **Procedemento**

Para aprobar un expediente de suplemento de créditos, substanciaranse os trámites seguintes:

- a.-Ordeación da incoación do mesmo polo Sr. Alcalde.
- b.-Unha vez formado o expediente, coa documentación e informes precisos, requirese dictame preceptivo e non vinculante da Comisión de Facenda.-art 126.1 Reglamento de Organización, Funcionamiento y Regimen Jurídico de las Entidades Locales.
- c.-Aprobación inicial polo Pleno conforme ó previsto no artigo 177.2 do RDL2/2004 e 37.3 do R.D.500/90 de 20 de Abril.
- d.-Exposición publica por quince días hábiles, con anuncio no Taboleiro de Edictos e mo BOP (Artículo 169.1 do RDL2/2004 e artigo 20 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril, por remisión do artigo 177.2 do RDL2/2004 e artigo 38.2 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril). Se houbera reclamacións, serán resoltas polo propio Pleno no prazo de un mes y se non as houbera, publicado o anuncio definitivo, entenderase aprobado definitivamente.
- e.-Remítirase copia da modificación á Consellería de Xusticia e Interior e á Dirección General de Coordinación con las Haciendas Territoriales (artigo 20.4 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril).

### **Conclusiones.**

Infórmase FAVORABLEMENTE o expediente de suplemento de créditos nº 21/2008. Non obstante, a Corporación con superior criterio resolverá o que estime procedente.

Fene, a 20 de outubro de 2008.

A INTERVENTORA.

Asdo.: Marta Roca Naveira”

Aberto o debate (.../...)

Rematado o debate, e sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, a comisión informativa de Facenda e Promoción Económica acorda por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 20 de outubro de 2008 que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos.”

Non producíndose intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria, o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 23 de outubro de 2008 sendo aprobado por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 23 de outubro de 2008, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

### **3.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 21//08.**

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 23 de outubro de 2008 que transcrito di:

#### **“2º.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO NÚM. 11/08.**

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 20 de outubro de 2008 que, transcrita di:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA PRESIDENCIA ASUNTO: RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO**

Visto o informe da Intervención municipal nº 428/2008 de 20 de outubro relativo á fiscalización das facturas obxecto do expediente de recoñecemento extraxudicial nº 11/2008 por un importe total de 7.845,87 €

Considerando que no citado informe poñíase de manifesto, entre outras cuestións, a necesidade de que polo concello se procedese ó recoñecemento e pago das citadas facturas pois noutro caso estaríase a producir un enriquecemento inxusto da administración.

Dado que as facturas ás que se fixo referencia corresponden todas elas ó exercicio 2007, polo que para proceder á súa aprobación deberá procederse ó seu recoñecemento extraxudicial de créditos. O nome de *“recoñecemento extraxudicial de crédito”* deriva da posibilidade que teñen as Entidades Locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non seguir o procedemento de adjudicación correspondente, derivan de prestacións de servizos, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizasen, evitando así a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas, que serían estimadas en base á citada teoría do enriquecemento inxusto. De ahí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en canto vense a substituír ós órganos xudiciais.

En definitiva, a proposta de recoñecemento extraxudicial pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecemento inxusto da Administración.

Considerando que tal e como se puxo de manifesto no informe da intervención municipal no orzamento do exercicio 2008 non existe crédito adecuado para proceder á imputación destes gastos o que implica que ó tratarse de facturas do exercicio 2007 e sen crédito a competencia para o recoñecemento extrajudicial de crédito corresponde ó Concello-Pleno.

Na medida en que non existe crédito no orzamento vixente para proceder directamente ó recoñecemento extrajudicial destas facturas, e que a habilitación do mesmo está ligado á aprobación dos expedientes modificativos de crédito na modalidade de suplemento de crédito nº 21/08.

Por todo o anterior, esta Alcaldía emite a seguinte proposta de acordo para que, previo dictame da Comisión de Facenda, polo Concello-Pleno se adopten os seguintes acordos:

1º Aproba-lo recoñecemento extrajudicial das facturas relativas ó expediente de recoñecemento extrajudicial nº 11/08 por un importe total de 7.845,87 € condicionando, en todo caso, a súa efectividade á aprobación definitiva do expediente de suplemento de crédito nº 21/08, de maneira que unha vez que se produza a entrada en vigor do expediente modificativo simultaneamente se procederá á realización dos asentos contables relativos á contabilización dos citados gastos.

3º A conseguinte aprobación, e pago, da relación de facturas que figura como anexo ó final da documentación.

Fene, a 20 de outubro de 2008.

A ALCALDESA ACCTAL.

Asdo. Rita Mª Couto Seijido”

#### ANEXO

Nº Factura	Proveedor/acreedor	Importe
S-226/07	SERVICIOS DEPORTIVOS GALICIA, SL	3.223,71 €
S-224/07	SERVICIOS DEPORTIVOS GALICIA, SL	2.882,16 €
4064/482-09/2007	SETOCUR	1.740,00 €
<b>TOTAL</b>		<b>7.845,87 €</b>

Seguidamente dáse conta do informe de Intervención núm. 428/2008 de data 20 de outubro de 2008 que transcrito di:

*“DE INTERVENCION  
O CONCELLO PLENO*

#### **INFORME DE INTERVENCIÓN Nº 428/2008.**

ASUNTO: Fiscalización previa preceptiva do expediente de recoñecemento extrajudicial de créditos polo Concello-Pleno nº 11/2008.

#### **LEXISLACIÓN E NORMATIVA APLICABLE BASICA**

-(TRLRFL) artigos 163,173,215 a 217 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido Da Lei Reguladora das Fachendas Locais.

-(RD500/1990) artigos 26.2c) e 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o capítulo primeiro do Título Segundo do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

-(LBRL) artigo 112.1 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime local.

-(TRRL) artigo 23.1 do Real decreto Lei 781/1986 polo que se aproba o Texto Reunido das Disposicións vixentes en materia de Réxime local.

-Bases de execución do orzamento do exercicio 2008.

### **ANTECEDENTES**

Con data de 20 de outubro, a Alcaldía propón a aprobación da relación de facturas co obxecto de proceder ó seu recoñecemento extraxudicial polo Concello-Pleno ó non ser incluídas no orzamento do exercicio económico que lle correspondía. O importe total ascende a 7.845,87 €.

A relación de facturas é a que se determina na providencia de inicio do expediente.

Simultaneamente ó presente expediente tramítase expedientes de suplemento de crédito 21/08 para habilitar o crédito necesario para o recoñecemento extraxudicial.

### **INFORME**

**Primeiro.-Principio de especialidade cuantitativa dos créditos orzamentarios:** O artigo 163.5 do TRLRFL e o artigo 25 do RD500/1990 refírense ó principio de especialidade cuantitativa dos créditos orzamentarios no ámbito local. Ditos créditos teñen carácter limitativo e vinculante, por eso non poden adquirirse compromisos de gasto por cuantía superior ó importe dos créditos autorizados no estado de gastos. A infracción do principio orzamentario penalízase coa nulidade de pleno dereito dos acordos, resolucións e actos administrativos que incurran na mesma.

**Segundo.-Principio de anualidade orzamentaria:** O artigo 26 do RD 500/90, que transcribe casi literalmente o artigo 163 do TRLRFL, refírese ó principio de especialidade temporal, según o cal con cargo ós créditos do estado de gastos de cada orzamento solo poderán recoñecerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Aínda así, aplicaránse ós créditos do orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as seguintes obrigacións:

- As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ós Orzamentos Xerais da Entidade.
- As derivadas de compromisos de gasto debidamente adquiridos en exercicios anteriores, previa incorporación de créditos no suposto establecido no artigo 163.3.
- As obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do RD 500/90. Neste último artigo cítase a figura do recoñecemento extraxudicial de crédito.

**Terceiro.-Concepto de recoñecemento extraxudicial de créditos:**A xurisprudencia do Tribunal Supremo (Sentencias de 12 de febreiro de 1990, 25 e 8 de outubro de 1986) atenúa o rigor na aplicación dos principios citados ó contrastarlos coa “Teoría do enriquecemento inxusto”, pola que

*“no se puede alegar como impedimento en el cumplimiento de la obligación de pago la ausencia de ciertas formalidades.”*

Ademais debemos ter en conta os principios de confianza lexítima e boa fe que deben presidir as relacións entre as Administracións Públicas e os cidadáns. Estes principios, que xa foran recoñecidos pola xurisprudencia contencioso-administrativa, incorporáronse ó dereito positivo na Lei 4/99, que modifica parcialmente a Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Do anterior dedúcese que o nome de *“recoñecemento extraxudicial de crédito”* deriva da posibilidade que teñen as Entidades Locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non seguir o procedemento de adxudicación correspondente, derivan de prestacións de servizos, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizasen, evitando así a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas, que serían estimadas en base á citada teoría do enriquecemento inxusto. De ahí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en canto vense a substituír ós órganos xudiciais.

**Cuarto.-Enriquecemento inxusto da Administración:** A proposta pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecemento inxusto da Administración. No noso dereito ,e a falta dun texto legal que consagre dito principio, foi a xurisprudencia a que fixo múltiples aplicacións da idea, que pode por elo considerarse como doutrina xurisprudencial.

Si finalmente se considera que o servizo debe de ser abonado polo concello, danse os requisitos para que prospere dita petición, xa que o concello obtería unha ventaxa patrimonial ( servizo executado) e o contratista veríase empobrecido pola ventaxa obtida polo concello e non existiría causa que xustificase a merma patrimonial dos terceiros afectados.

Ademais os retrasos no recoñecemento e abono de obrigas poden dar lugar á reclamación de xuros de demora, co conseguinte perxucio económico para o concello.

**Quinto.- Competencia:** A base 23.2ª de BE/08, referida ó recoñecemento extraxudicial dos créditos, dispón que *“ O recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderá ó Pleno cando no expediente tramitado ó efecto non se acredite a existencia de crédito disponible suficiente nas partidas orzamentarias de aplicación, todo elo de conformidade con establecido no artigo 60.2 en relación co artigo 26.1 c) do Real DECreto 500/1990.”*

Nas partidas orzamentarias ás que se imputan as facturas que figuran na proposta de Alcaldía non existe crédito disponible para os gastos do exercicio anterior, polo que o **órgano competente para o recoñecemento extraxudicial de crédito será o Pleno** ó amparo do RD500/90 e de conformidade co previsto nas BEO/08.

**Sexto.-** Os documentos presentados reúnen os requisitos esixidos polo artigo 6 do Real Decreto1496/2003,de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. As facturas están conformadas polos alcalde/concelleiros responsables o que implica que efectivamente o gasto foi realizado. Nestes casos, os responsables directos son os propios provedores que non presentan factura ata meses despois de finalizar o exercicio 2007.

**Séptimo.-** Na medida en que non existe crédito no orzamento vixente para proceder directamente ó recoñecemento extraxudicial destas facturas, e que a habilitación do mesmo está ligado á aprobación do expediente modificativo de crédito na modalidade de suplemento de crédito nº 21/08; posto que ámbolos expedientes se tramitan simultaneamente e se atopan íntimamente ligados de maneira que a aprobación do suplemento de crédito condiciona a aprobación do recoñecemento extraxudicial, no acordo que adopte o Pleno debería de facerse referencia en todo caso á que a aprobación do recoñecemento extraxudicial queda



condicionada á aprobación definitiva e entrada en vigor do expediente modificativo de crédito a través dos cales se habilita crédito para a aprobación dos presentes gastos .

## **CONCLUSIÓN.-**

**A fiscalización desta intervención en relación co presente expediente de recoñecemento extraxudicial 11/08 é de conformidade, e sen perxucio do advertido no punto 7 do presente informe.**

Segundo criterio da que suscribe o presente informe, si se acreditase a obrigación do concello de facer fronte ós gastos descritos, procedería, dado que non existe crédito no orzamento do presente exercicio para facer fronte ó gasto que se propón, que polo Pleno e baixo a súa responsabilidade, se procedera a recoñecer extraxudicialmente o crédito a favor dos terceiros antes relacionados. Non obstante, deben de poñerse de relevo as consecuencias negativas derivadas da tramitación deste tipo de expedientes, sendo entre outras:

\* Xurídicas:

Co incumprimento da legalidade aplicable na realización do gasto público e a posible existencia e esixencia de responsabilidade de diversos tipos (administrativa, civil penal); debéndose ter especialmente en conta o establecido ó respecto na disposición adicional 5ª da LCAP referida á responsabilidade das autoridades e do persoal ó servicio das Administracións Públicas, artigo no que se dispón que:

*“1. La responsabilidad patrimonial de las autoridades y del personal al servicio de las Administraciones Públicas derivados de sus actuaciones en materia de contratación administrativa, tanto por daños causados a particulares como a la propia Administración se exigirá con arreglo a lo dispuesto en el Título X de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común y en el Real Decreto 429/1993, de 26 de mayo, por el que se aprueba el Reglamento de los procedimientos de las Administraciones Públicas en materia de responsabilidad patrimonial.*

*2. La infracción o aplicación indebida de los preceptos contenidos en la presente Ley por parte del personal al servicio de las Administraciones Públicas, cuando mediere al menos negligencia grave, constituirá falta muy grave cuya responsabilidad disciplinaria se exigirá conforme a la normativa específica en la materia.”*

Así mesmo, no artigo 60 do TRRL dispónse que:

*“Las autoridades y funcionarios de cualquier orden que, por dolo o culpa o negligencia, adopten resoluciones o realicen actos con infracción de las disposiciones legales, estarán obligados a indemnizar a la Corporación Local los daños y perjuicios que sean consecuencia de aquellos, con independencia de la responsabilidad penal o disciplinaria que les pueda corresponder.”*

Con respecto ó indicado, no artigo 78 da LRBRL establécese que:

*“1. Los miembros de las Corporaciones locales están sujetos a responsabilidad civil y penal por los actos y omisiones realizados en el ejercicio de su cargo. Las responsabilidades se exigirán ante los tribunales de Justicia competentes y se tramitarán por el procedimiento ordinario aplicable.*

*2. Son responsables de los acuerdos de las Corporaciones locales los miembros de las mismas que los hubieran votado favorablemente.*

1. *Las Corporaciones locales podrán exigir la responsabilidad de sus miembros cuando por dolo o culpa grave, hayan causado daños y perjuicios a la Corporación o a terceros, si éstos hubiesen sido indemnizados por aquella.*”

No artigo 225.1 do ROF establécese que :

*“Las entidades locales podrán instruir expediente, con audiencia del interesado, para declarar la responsabilidad civil de sus autoridades, miembros, funcionarios y dependientes que, por dolo o culpa o negligencia graves, hubieren causado daño y perjuicio a la Administración o a terceros, si éstos hubieran sido indemnizados por aquella.”*

Así mesmo deberase ter en conta o establecido nos artigos 140 a 146 da LXO; no artigo 140 da citada Lei establécese que:

*“Las autoridades y funcionarios de cualquier orden que por dolo, culpa o negligencia graves adopten resoluciones o realicen actos con infracción de las disposiciones de esta Ley estarán obligados a indemnizar a la Hacienda Pública los daños y perjuicios que sean consecuencia de aquellos, con independencia de la responsabilidad penal o disciplinaria que les pueda corresponder.”*

\* Económico-orzamentario:

Derivado de que os gastos corresponden ó exercicio 2006 e 2007 que teñen a consideración de pechados cos conseguintes quebrantos económicos á facenda municipal, distorsionando o resultado orzamentario real e incidindo negativamente nas previsións orzamentarias, e no equilibrio orzamentario real.

\*Comercial:

Así mesmo deberase ter en conta o quebranto económico causado a diversos provedores.

## **OBSERVACIONES**

Sen observacións.”

Non producíndose intervencións e sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica acorda por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 20 de outubro de 2008 que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos.”

Non producíndose intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria, o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 23 de outubro de 2008 sendo aprobado por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 23 de outubro de 2008, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

## **4.- MODIFICACIÓN DO IMPORTE GLOBAL DAS GRATIFICACIÓNS EXTRAORDINARIAS.**

De seguido, polo Sr. Alcalde-Presidente dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 23 de outubro de 2008 que transcrito di:

#### **“4º.- MODIFICACIÓN DA CONTÍA GLOBAL DAS GRATIFICACIÓNS EXTRAORDINARIAS.**

A continuación dáse conta da proposta da Alcaldía de data 16 de outubro de 2008 que transcrita di:

#### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

##### **Asunto: Modificación do importe global das gratificacións extraordinarias.**

Dacordo ca contabilidade das nóminas do persoal, o nivel de execución das gratificacións extraordinarias é elevado respecto das previsións dos créditos iniciais resultando insuficiente para a liquidación das gratificacións extraordinarias do personal funcionario pendentes de pagamento.

Por outra parte, considérase que o citado incremento debe ser compensado cunha minoración do crédito da partida 121/141.00 (Administración xeral. Outras contratacións) que reflicte un crédito dispoñible de 20.000,00 € tal e como se informa pola Intervención municipal.

En conclusión, as previsións da evolución de tales conceptos retributivos ata fin de exercicio son as seguintes:

Considérase insuficiente o saldo de determinadas partidas de gratificacións, sendo necesario o seu aumento, en base ás razóns expostas anteriormente. Por outra parte, o crédito da partida 121/141.00 estímase reducible sen perturbación do respectivo servizo na medida en que neste momento atópanse vacantes dúas prazas de administrativo de administración xeral que se imputan nesta partida así como de técnico de administración xeral.

As partidas de gratificacións nas que se operaría a modificación serían as seguintes:

PARTIDA	IMPORTE (€)
452/151.00	1.000,00
222/151.00	2.500,00
442/151.00	1.000,00
TOTAL	4.500,00

Tendo en conta as competencias do Pleno para a fixación do importe global do complemento de produtividade, dacordo co artigo 22.2.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, e as competencias da Alcaldía para a súa distribución, según o artigo 21.1.g) do mesmo texto legal,

Esta Alcaldía PROPÓN ó Pleno:

- O incremento do importe global do importe das gratificacións extraordinarias nun importe de 4.500,00 euros, resultando a consignación orzamentaria total de 8.300,00 euros.
- A redución do importe global do crédito da partida 121/141.00 (administración xeral. Outras contratacións) en 4.500,00 €.

Para levar a cabo tales axustes no Orzamento do exercicio 2008, realizarase a correspondente transferencia de crédito por Decreto de Alcaldía, en base á competencia deste órgano para a distribución da contía global aprobada por Pleno, de tales conceptos e

para a aprobación de transferencias de crédito cando as partidas minoradas e incrementadas correspondan a gastos de persoal.”

Fene, a 16 de outubro de 2008.

O ALCALDE,

ASDO.- Iván Puentes Rivera”.

A continuación dáse conta do informe de Intervención núm. 421/2008 de data 16 de outubro de 2008 que transcrito di:

### **“INFORME DE INTERVENCIÓN Nº 421/2008**

**Asunto: Modificación do importe global das gratificacións extraordinarias.**

Legislación aplicable:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais (TRLFL)
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (RP)
- Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o Réxime das Retribucións dos Funcionarios de Administración Local
- Bases de execución do orzamento do exercicio económico 2008.

#### **ANTECEDENTES:**

Preséntase para fiscalización proposta de Alcaldía ó Pleno para a modificación do importe global dos créditos orzamentarios das gratificacións extraordinarias.

Á vista de tales antecedentes e da normativa aplicable, esta Intervención emite o seguinte INFORME:

#### **PRIMEIRO: Competencia na fixación das gratificacións do personal.**

A este respecto hai que ter en conta a seguinte normativa aplicable en dita materia:

O artigo 22.2.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril establece como competencia plenaria a fixación da contía das retribucións complementarias fixas e periódicas. Dentro destas últimas inclúense tanto as gratificacións como a produtividade. Por outra parte, o artigo 21.1.g) do mesmo texto legal sitúa como competencia da Alcaldía a distribución das retribucións complementarias que non sexan nen fixas nen periódicas, é dicir, a produtividade e as gratificacións.

O Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, establece a seguinte regulación respecto do complemento de produtividade:

#### **A) Gratificacións extraordinarias**

O artigo 6 establece na liña da Lei 7/1985, de 2 de abril o seguinte:

*“Artículo 6. Gratificaciones.*

*1. Corresponde al Pleno de la Corporación determinar en el presupuesto la cantidad global destinada a la asignación de gratificaciones a los funcionarios dentro de los límites máximos señalados en el [artículo 7.2. c\) de este Real Decreto](#).*

*2. Corresponde al Alcalde o Presidente de la Corporación la asignación individual, con sujeción a los criterios que, en su caso, haya establecido el Pleno, sin perjuicio de las delegaciones que pueda conferir conforme a lo establecido en la [Ley 7/1985, de 2 de abril](#).”*

Asimismo o artigo 7 dese mesmo texto legal establece que:

**“Artículo 7. Límites a la cuantía global de los complementos específicos, de productividad y gratificaciones.**

1. Los créditos destinados a complemento específico, complemento de productividad, gratificaciones y, en su caso, complementos personales transitorios, serán los que resulten de restar a la masa retributiva global presupuestada para cada ejercicio económico, excluida la referida al personal laboral, la suma de las cantidades que al personal funcionario le correspondan por los conceptos de retribuciones básicas, ayuda familiar y complemento de destino.

2. La cantidad que resulte, con arreglo a lo dispuesto en el número anterior, se destinará:

- a. Hasta un máximo del 75 % para complemento específico, en cualquiera de sus modalidades, incluyendo el de penosidad o peligrosidad para la policía municipal y servicio de extinción de incendios.
- b. Hasta un máximo del 30 % para complemento de productividad.
- c. **Hasta un máximo del 10 % para gratificaciones.”**

Tal e como se puxo de manifesto por esta Intervención no informe de legalidade ó orzamento **“En canto ós límites previstos no artigo 7 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, por el que se establece el régimen de las retribuciones de los funcionarios de la administración local, dáse cumprimento ós mesmo no proxecto de Orzamentos.”**

Coa proposta de incremento das partidas de produtividade, seguiríanse a cumprir os límites previstos no artigo 7 do RD 861/1896, de 25 de abril, tal e como xa se informou por esta Intervención con motivo da fiscalización da proxecto de orzamentos do exercicio 2008.

Polo tanto, neste caso son esenciais os arts. 5.5 e 6.1 do RD 861/1986, que atribúen ó Pleno da Corporación a competencia para determinar a contía global destinada á asignación de produtividade e gratificacións, dentro dos límites sinalados no citado art. 7. Isto supón que, **aínda cando os arts. 5.6 e 6.2 atribúen ó Alcalde a competencia para a asignación individual de produtividade e gratificacións, nunca poderá aprobar unha asignación individual por estes conceptos que excedan da cantidade que sinalou o Pleno da corporación.** Se se admitira (no suposto que non se excederan os límites do art. 7) que o Alcalde, a través do mecanismo da vinculación xurídica, asignara mais produtividade ou gratificacións que as determinadas polo Pleno da Corporación, estaríase furtando indirectamente, ó Pleno unha competencia que a ten atribuída por lei, e polo tanto estaríase incumprindo a lei.

Hai que sinalar, asimismo, que as gratificacións extraordinarias non poderán ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo e haberán de responder, en todo caso, a servizos prestados fóra da xornada habitual de traballo.

As cantidades que se reciban serán de coñecemento público tanto para os demais funcionarios como para os representantes sindicais.

Corresponde ó Alcalde (Xunta de Goberno Local por delegación) a asignación de tales gratificacións, con suxeición ós criterios que no seu caso establecera o Pleno.

**SEGUNDO: Transferencia de crédito**

Este punto será obxecto de fiscalización no expediente correspondente. A este respecto, faise referencia a tres puntos:

- Competencia da Alcaldía

A Proposta de Alcaldía fai referencia á competencia deste órgano para a realización de tal transferencia. O artigo 179.2 TRLFL establece que a competencia das transferencias de crédito entre partidas do mesmo grupo de función será o Alcalde, mentres que lle corresponderá ó Pleno, se as partidas afectan a distintos grupos de función. Neste último caso faise unha excepción de tal competencia a favor de Alcaldía nos casos nos que as altas e baixas afecten a gastos de persoal.

- Crédito dispoñible: Tras a proposta da Alcaldía, fíxose a correspondente retención de crédito, que acredita a existencia de crédito suficiente a nivel de partida para a posible transferencia de crédito. O saldo de crédito da partida 121/141.00 é de 20.000,00 €.

- Límites das transferencias de crédito: Hai que ter en conta que existe unha serie de limitacións nas partidas que serán obxecto de minoración e aumento mediante transferencias de crédito, xa que non poderán ser obxecto de novas transferencias de crédito. Esta limitación non opera para créditos de persoal.

Á vista do exposto e sen perxuízo doutra opinión mellor fundada en dereito, esta Intervención emite INFORME FAVORABLE a este expediente. “

Non producíndose intervencións e sometido pola Presidencia o asunto a votación , a Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica acorda por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 16 de outubro de 2008 que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos.”

Non producíndose intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria, o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 23 de outubro de 2008 sendo aprobado por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 23 de outubro de 2008, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

**5.- PROPOSTA EN RELACIÓN AO ESCRITO PRESENTADO EN DATA 3 DE XULLO DE 2008 POLA EMPRESA CONCESIONARIA DO SERVIZO DE AUGA E SANEAMENTO REFERENTE A ERRO NA CONFECCIÓN DO PADRÓN ANUAL DO SERVIZO DE ALCANTARILLADO DO EJERCICIO 2007**

A continuación, polo Sr. Alcalde-Presidente dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 23 de outubro de 2008 que, transcrita, di:

**“5º.- EXPEDIENTE DE REGULARIZACIÓN PADRÓN ANUAL DE ALCANTARILLADO 2007.**

De seguido, dáse conta da proposta da Alcaldía de data 1 de setembro de 2008 que, transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

Visto o informe conxunto da Intervención e Tesourería de 14 de xullo de 2008 relativo ó padrón anual do servizo de alcantarillado do exercicio 2007 que transcrito literalmente di:

### **“INFORME CONXUNTO DE INTERVENCIÓN E TESOURERÍA**

#### **ASUNTO.- EXPEDIENTE RELATIVO Ó PADRÓN ANUAL DO SERVIZO DE ALCANTARILLADO DO EXERCICIO 2007.**

#### **ANTECEDENTES**

Con data de 05/06/2008 foi presentado padrón anual do exercicio 2007 relativo ó servizo de alcantarillado.

Posteriormente, en data 03/07/2008, rexistro nº 7387, remítese pola empresa concesionaria do servizo de auga e saneamento, escrito explicativo do erro cometido na confección do padrón presentado no mes de xuño no relativo á aplicación das tarifas ós usuarios así como no inicio do período de cobro previo á aprobación do mesmo polo concello, requeríndose asimismo, solventar esta situación no xeito proposto.

#### **NORMATIVA**

- Lei 58/2003, Xeral Tributaria
- Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación.
- RDL2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Ordenanza fiscal nº 17 reguladora da taxa polo servizo de saneamento.
- Contrato administrativo asinado o 19/11/1993 da xestión dos servizos municipais de abastecemento de auga e da rede de saneamento do termo municipal.
- Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público e regulamento de desenvolvemento.
- E demais normativa de aplicación.

#### **INFORME**

**Primeiro.-** Segundo o disposto no artigo 10 da Ordenanza fiscal nº 17 que transcrito di:

“...

2.- A liquidación e cobro das taxas levarase a cabo trimestralmente ós aboados dos servizos de auga e saneamento **e, anualmente, ós aboados exclusivos do saneamento, confeccionando, a tal efecto, unha lista cobratoria en que se especificarán nome, apelidos do contribuínte, domicilio, metros cúbicos de auga facturada e débeda tributaria. As listas cobratorias, unha vez fiscalizadas pola Intervención, serán sometidas para a aprobación da Xunta de Goberno Local.**

3.- Establecido e en funcionamento o referido servizo, o devengo periódico destas taxas terá lugar o 01 de xaneiro de cada ano, liquidándose por trimestres naturais, e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese no uso do servizo, en cuio caso o período impositivo axustarase a esa circunstancia có conseguinte prorrateo trimestral da cuota.

**O abono das taxas realizarase durante o período determinado polo Concello iniciándose ó día seguinte ó da finalización da exposición pública do padrón. Transcorridos os prazos que fixe o Concello para o cobro en período voluntario, poderán esixirse os recibos en vía de prema.**

**4.- O cobro levarase a cabo pola empresa concesionaria da explotación, nas suas oficinas recadatorias, poidendo os usuarios do mesmo domicilia-lo pago dos seus recibos en entidades bancarias colaboradoras, sen prexuízo de que a administración municipal, excepcionalmente, estableza outra modalidade.**

....”

Segundo o disposto anteriormente, advírtese que, o cobramento ós usuarios do servizo realizouse con carácter previo á aprobación polo Concello do padrón de saneamento anual, o que determina a imposibilidade material de retroceder o cobro e rectificar o erro cometido para a correcta aplicación da ordenanza fiscal.

Polo tanto, en base ó anterior, a proposta presentada pola empresa concesionaria neste punto, aínda cando non resulta moi axeitada á legalidade, considerase razoable para evitar os transtornos e perxucios que se poideran ocasionar ós usuarios do servizo, e todo elo sen perxucio, da necesidade de proceder á aprobación do padrón (rectificado) e da súa posterior exposición ó público dacordo co determinado na ordenanza fiscal reguladora.

**Segundo.-** A cláusula 10ª do contrato asinado o 19/11/1993 establece a obriga do concesionario de realizala recadación, previa presentación da facturación para que o concello proceda á súa tramitación.

Por outra banda, a cláusula 21ª relativa ás sancións ó adxudicatario, non tipifica expresamente como infracción (leve ou grave) o incumprimento do procedemento recadatorio que constitúe unha das obrigas do concesionario.

Polo tanto, e tendo en conta que os contratos concesionais de xestión de servizos públicos deben rexirse tanto polo determinado no contrato individual como polo disposto na lexislación vixente, aínda cando esta actuación non se atopa expresamente tipificada como infracción no contrato administrativo, sen embargo ó abeiro do disposto no art. 256 c) da Lei 30/2007, de contratos do sector público que literalmente di: “**Artículo 256.** Obligaciones generales.

“El contratista estará sujeto al cumplimiento de las siguientes obligaciones: “.....

d) Indemnizar los daños que se causen a terceros como consecuencia de las operaciones que requiera el desarrollo del servicio, excepto cuando el daño sea producido por causas imputables a la Administración.”

sí implica un dano ós terceiros (usuarios) derivado da prestación do servizo que neste caso, é o servizo recadatorio, e polo tanto, suxeito a indemnización..

## **CONCLUSIONS**

En conclusión, as actuacións a levar a cabo polo concello deberían ser:

1º Proceder á aprobación do padrón correcto e á súa exposición pública, dando traslado a través do prego de cargo á empresa concesionaria.

2º Respecto á proposta de asunción pola empresa do importe cobrado de menos e devolución das tarifas cobradas en exceso, co conseguinte reflexo na liquidación final que presentaría a concesionaria, entendemos que sí resulta procedente a devolución das tarifas cobradas en exceso (5 usuarios \* 2,46 € = 12,30 €) e respecto das cobradas por importe



*inferior (906 usuarios \* 0,12 = -108,72 €; 12 \* 91,97 € = -263,64 €) que importarían un total de 372,36 €, esta cantidade deberá ser asumida directamente na liquidación final pola empresa concesionaria en concepto de indemnización polos danos causados ós abonados ( art. 256 c) Lei 30/2007, de contratos do sector público).*

*Fene, a 14 de xullo do 2008.*

*A INTERVENTORA  
Asdo.- Marta Roca Naveira*

*A TESOUREIRA  
Asdo.- M<sup>a</sup> Angeles Vivero Fresco”*

Visto que a cláusula 10<sup>a</sup> do contrato asinado con Aquagest o 19/11/1993 relativo á concesión do servizo de auga e saneamento do concello de FENE establece a obriga do concesionario de realizala recadación, previa presentación da facturación para que o concello proceda á súa tramitación.

Visto que o cobramento ós usuarios do servizo realizouse con carácter previo á aprobación polo Concello do padrón de saneamento anual, o que determina a imposibilidade material de retroceder o cobro e rectificar o erro cometido para a correcta aplicación da ordenanza fiscal.

*Visto que segundo se informa pola Intervención e Tesourería, ” Polo tanto, en base ó anterior, a proposta presentada pola empresa concesionaria neste punto, aínda cando non resulta moi axeitada á legalidade, considerase razoable para evitar os transtornos e perxucios que se poideran ocasionar ós usuarios do servizo, e todo elo sen perxucio, da necesidade de proceder á aprobación do padrón (rectificado) e da súa posterior exposición ó público dacordo co determinado na ordenanza fiscal reguladora.”*

Considerando que o concello procedeu á aprobación do padrón rectificado así como á súa tramitación dacordo co procedemento regulamentariamente establecido.

Visto que por outra banda, a cláusula 21<sup>a</sup> do contrato concesional relativa ás sancións ó adxudicatario, non tipifica expresamente como infracción (leve ou grave) o incumprimento do procedemento recadatorio que constitúe unha das obrigas do concesionario.

Polo tanto, e tendo en conta que os contratos concesionais de xestión de servizos públicos deben rexirse tanto polo determinado no contrato individual como polo disposto na lexislación vixente, aínda cando esta actuación non se atopa expresamente tipificada como infracción no contrato administrativo, sen embargo ó abeiro do disposto no art. 256 c) da Lei 30/2007 , de contratos do sector público que literalmente di: “**Artículo 256.** Obligaciones generales.

*“El contratista estará sujeto al cumplimiento de las siguientes obligaciones: “.....*

*Indemnizar los daños que se causen a terceros como consecuencia de las operaciones que requiera el desarrollo del servicio, excepto cuando el daño sea producido por causas imputables a la Administración.”*

Pero que sí implica un dano ós terceiros (usuarios) derivado da prestación do servizo que neste caso, é o servizo recadatorio, e polo tanto, suxeito a indemnización..

Vista a proposta presentada pola empresa de asunción pola mesma do importe cobrado de menos así como á devolución das tarifas cobradas en exceso, co conseguinte reflexo na liquidación final que presentaría a concesionaria,

En base ó exposto anteriormente, esta Alcaldía, eleva ó Pleno a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Aceptar parcialmente a proposta presentada pola empresa concesionaria Aquagest no sentido de que pola mesma á devolución das tarifas cobradas en exceso (5 usuarios \* 2,46 € = 12,30 €), e no que respecta ás cobradas de menos (906 usuarios \* 0,12 = -108,72 €; 12 \* 91,97 € = -263,64 €) que importarían un total de 372,36 €, esta cantidade deberá ser asumida directamente e non repercutida ó concello como perda na liquidación final do exercicio 2007 pola empresa concesionaria en concepto de indemnización polos danos causados ós abonados en aplicación do disposto no art. 256 c) Lei 30/2007, de contratos do sector público.

Segundo.- Recordar á empresa concesionaria a imposibilidade de proceder ó cobro dos padróns con carácter previo á aprobación polo Concello dos mesmos e da súa exposición pública.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo á empresa concesionaria así como á Intervención e TESourería municipal.

Fene, a 1 de setembro de 2008.

O ALCALDE,

Asdo. J. Iván Puentes Rivera.

Aberto o debate (.../...)

Rematado o debate, e sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica acorda por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 1 de setembro de 2008 que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos.”

Non producíndose intervencións e sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica acorda por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 20 de outubro de 2008 que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos.”

Non producíndose intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria, o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 23 de outubro de 2008 sendo aprobado por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 23 de outubro de 2008, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

## **6.-MODIFICACIÓN DO ANEXO DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2008.**

Seguidamente, dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 23 de outubro de 2008 que transcrito di:

### **“6º.- MODIFICACIÓN DO ANEXO DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2008.**

A continuación dáse conta da proposta da Alcaldía de data 2 de outubro de 2008 que, transcrita di:

**“PROPOSTA DA ALCALDIA-PRESIDENCIA**

Vista a providencia da Alcaldía de 2 de outubro de 2008 relativa á modificación do Anexo de subvencións nominativas das BEO/2008.

Considerando que no momento de elaboración do orzamento, e ante a imprecisión da determinación dos beneficiarios finais de determinadas subvencións, determinouse genéricamente como beneficiarios “comisións organizadoras”, esto é, agrupacións de personas sen personalidade xurídica. Non obstante o anterior, neste momento tense coñecemento de que finalmente os beneficiarios serán entidades con personalidade xurídica propia e todo elo segundo o seguinte detalle:

-Comisión organizadora Festa do Cabalo pasaría a substituírse por “Asociación de VECiños de MAgalofes” (G15150410)

-Comisión organizadora da festa da orella pasaría a substituírse por AAVV Santa Eulalia de Limodre (G15357056)

-Comisión organizadora Fenerock pasaría a substituírse por Centro de Promoción Social San Valentín (G15081961)

-Comisión organizadora da xuntanza de gaiteros pasaria a substituírse por Banda de gaitas Tradicional “Airiños de Fene” (G15136690)

-Comisión organizadora Slalom Fene pasaría a substituírse por Club Escudería SCratch de Fene (G15984321)

-Comisión organizadora reparación Iglesia parroquial de Fene pasaría a substituírse por Asoc. Comisión de obras parroquiana Diviño Salvador de Fene (G70174776).

Polo tanto, con carácter previo á concesión das subvencións nominativas previstas no anexo de subvencións nominativas é necesario modifica-los nomes dos beneficiarios nos termos expostos anteriormente.

Visto o informe de fiscalización da intervención municipal de data 3 de outubro de 2008.

Por todo elo, esta Alcaldía propón que a Comisión de Facenda dictamine favorablemente a seguinte proposta de acordo:

1º. Modifica-lo Anexo de subvencións nominativas, concretamente os apartados 4º e 5º para a alteración dos nomes dos beneficiarios das subvencións nominativas previstas, cuxo detalle quedaría como segue:

“4º Con cargo á partida 2008/451/48900 cun crédito global de 23.800,00 € abonaranse, como máximo as seguintes cantidades:

ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE MAXIMO	OBXETO
- Asociación de VECiños San Xurxo de Magalofes (G15150410)	1.800,00	Organización festa
-AAVV Santa Eulalia de Limodre (G15357056)	1.000,00	Organización festa
-Asociación Cultural Felicia (G15806037)	5.000,00	Organización FELipop
-Centro de promoción social San Valentín(G15081961)	5.000,00	Organización FEnerock
-Comisión organizadora festa 3ª idade	1.000,00	Organización festa 3ª idade
-Agrupación micolóxica Viriato (G15120595)	2.000,00	Organización xornadas micolóxicas
-Banda de gaitas tradicional “Airiños	5.000,00	Organización xuntanza gaiteros

de Fene" (G15136690)		
-Comisión organizadora documental ASTANO	3.000,00	Elaboración documental ASTANO

5º Con cargo á partida 452/489.00 cun crédito global de 2.000,00 € abonaranse, como máximo as seguintes cantidades:

ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE MAXIMO	OBXETO
- Club Escudería Scracht Fene (G15984321)	2.000,00 €	Organización Slalom Fene

7º Con cargo á partida 2008/463/789.00 cun crédito global de 1.300,00 € abonaranse, como máximo, as seguintes cantidades:

ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE MAXIMO	OBXETO
-Asoc. Comisión de obras parroquiana Diviño Salvador de Fene (G70174776).	1.300,00	Reparación iglesia parroquial de Fene

Fene, 2 de outubro de 2008.  
O alcalde,  
Asdo. J. Iván Puentes Rivera."

Seguidamente dáse conta do informe de Intervención núm. 405/2008 de data 3 de outubro de 2008 que transcrito di:

**"INFORME DE INTERVENCION Nº 405/2008**

**ASUNTO: FISCALIZACION DA PROPOSTA DE MODIFICACION DAS BASES DE EXECUCION DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2008.**

Marta Roca Naveira, Interentora do Concello de Fene, vista a proposta da Alcaldía de 2 de outubro, ó abeiro do establecido nos artigos 213 e ss do RDL 2/2004, de 5 de marzo, emite o seguinte INFORME:

**I) Normativa reguladora.**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- RDL 2/2004, de 5 de marzo.
- Bases de execución do orzamento para o exercicio 2008.
- RD 500/1990
- Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e regulamento de desenvolvemento.
- E demais normativa de aplicación.

**II) Antecedentes.**

Con data de 2 de outubro de 2008, o Alcalde-Presidente presenta proposta de modificación das Bases de Execución do Orzamento 2008, en concreto o anexo de subvencións

nominativas coa finalidade de modificar os nomes dos beneficiarios finais de determinadas subvencións.

### III) Informe.

Primeiro: Modificación das Bases de Execución do orzamento. A proposta de Alcaldía presentada pola concelleira esixe o análise de varias cuestións:

En primeiro lugar, o Alcalde ven a propón a modificación das BEO, concretamente o anexo das subvencións nominativas modificando o nome dos beneficiarios dalgunha das subvencións previstas nominativamente.

As BEO configúranse, segundo o indicado no artigo 165 do RDL 2/2004 e artigo 9 do RD 500/90 como documento integrante do Orzamento Xeral da Corporación contendo estas a adecuación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia entidade. A súa aprobación e modificación están, polo tanto, vinculadas á aprobación do orzamento.

A proposta da Alcaldía versa sobre a modificación dos nomes dos beneficiarios de varias das subvencións nominativas. Esta proposta axústase á legalidade, debendo de articularse o procedemento como unha modificación das BEO. Recordar neste sentido, que as propias BEO en relación coas subvencións nominativas prevén que as contías previstas terán o carácter de contía máxima, non implicando para o Concello unha obriga pola mera inclusión das mesmas no orzamento, o que ven a consagrar o principio de que as subvencións nominativas non xeneran ningún dereito adquirido ós beneficiarios determinados nas propias bases de execución, neste caso, no Anexo de subvencións nominativas.

En canto ó procedemento para a modificación das BEO/08, entende esta Intervención que en todo caso, e a falta dunha regulación expresa na normativa vixente, en tanto que a aprobación das BEO como documento integrante do orzamento non son obxecto de publicación íntegra no BOP, en base ó anterior tampouco as súas modificacións deberían ser obxecto de publicación e polo tanto suxeitas ó mesmo procedemento que a aprobación do orzamento xeral, todo elo sen perxucio do disposto, en todo caso, nas BEO.

Neste caso, o procedemento non estará suxeito ás mesmas normas previstas para a aprobación e modificación do orzamento, isto é o mencionado no artigo 169 do RDL 2/2004 e 18 e ss do RD 500/90:

-Dictame da Comisión Informativa de Facenda, previo informe da Intervención municipal.

-Aprobación por maioría simple do Pleno.

-Publicación do anuncio de exposición pública no boletín Oficial da Provincia.

-Apertura do periodo de reclamacións durante un prazo de 15 días hábiles.

-Resolución das reclamacións presentadas polo Pleno da Corporación e publicación da aprobación definitiva. Para o caso de non terse presentada reclamacións, elevarase automaticamente a definitivo o acordo provisional.

-Publicación da aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia.

Segundo: Existencia de crédito adecuado e suficiente. A proposta presentada pola Alcaldía non supón un maior gasto para o Concello.

### IV) Conclusións.

1º A proposta relativa á modificación do anexo de subvencións nominativas, é acorde á normativa de aplicación.

2º A competencia para proceder á aprobación correspóndelle ó Pleno da corporación dacordo co artigo 22 da Lei 7/1985.

3º A modificación das Bases de Execución do orzamento non requerirá someter o expediente ós mesmos trámites que para a aprobación do orzamento.

Tal é o que se informa por esta Intervención, sen prexuízo doutro criterio superior en dereito e dos acordos que pola corporación se poidan adoptar.

FENE, 3 de outubro de 2008.

A INTERVENTORA.

Asdo. : Marta Roca Naveira.”

Aberto o debate (.../...)

Rematado o debate, e sometido o asunto pola Presidencia a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica acorda por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 2 de outubro de 2008 que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos.”

Non producíndose intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria, o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 23 de outubro de 2008 sendo aprobado por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 23 de outubro de 2008, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

## **7.- MODIFICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO POLO PLENO DO CONCELLO EN SESIÓN DE DATA 13 DE DECEMBRO DE 2007 RELATIVO Á DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DO CONCE3LLO NO COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE.-**

A continuación, polo Sr. Alcalde-Presidente dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguiridade de data 27 de outubro de 2008 que transcrito di:

“Seguidamente e antes de entrar no punto de rogos e preguntas, intervén o Sr. Presidente e manifesta que hai unha Proposta da Alcaldía a tratar por vía de urxencia, referente á modificación do acordo aoptado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada en data 13 de decembro de 2007, relativo á designación de representantes do Concello no Comité de Seguridade e Saúde.

Seguidamente polo Sr. Presidente sométese a votación ordinaria a uxencia sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión.

A continuación dáse conta da Proposta da Alcaldía de data 27 de outubro de 2008 que transcrita di:

**“PROPOSTA**

Visto que o Pleno da Corporación en sesión celebrada en data 13 de decembro de 2007 acordou designar representantes do Concello no Comité de Seguridade e Saúde a tres Concelleiros, fixando un sistema de quendas por semestres para que todos os grupos políticos tiveran representación e participación no citado Comité, así como que a primeira quenda do mesmo a ostentase un membro do grupo da oposición.

Atendido que a fixación do número de representantes da Corporación realizouse á vista do disposto no artigo 38 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, e considerando o número de delegados de prevención que, segundo a escala que se contén no artigo 35 da mesma, correspondían a este Concello en atención ao número de traballadores.

Visto o escrito presentado polo voceiro do grupo político do Partido popular de data 20 de outubro de 2008 (entrada 20.10.08, núm. rexistro 11663) no que, entre outras cousas, expón que en cumprimento do disposto no artigo 4 do Real decreto 1488/1998, de adaptación á Administración do Estado da Lei de Prevención de riscos laborais, a Xunta de persoal e o Comité de empresa designaron, cada un deles, a dous representantes e que, sendo o Comité de Seguridade e Saúde un órgano paritario, estima debe procederse á designación dun cuarto representante para dar cumprimento aos artigos da Lei e do Real decreto citado para constituir o referido comité.

Considerando que o artigo 35.5 da Lei de Prevención de riscos laborais establece no seu apartado primeiro que non obstante o disposto en dito artigo, nos convenios colectivos poderáanse establecer outros sistemas de designación dos Delegados de Prevención, sempre que se garanta que a facultade de designación corresponde aos representantes de persoal ou aos propios traballadores.

Considerando que nin no Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario nin no Convenio Colectivo do persoal laboral do Concello de Fene se prevé outros sistemas de designación diferentes ao regulado no artigo 35. 2 da Lei anteriormente citada.

Considerando que, se ben o ámbito de aplicación do Real decreto 1488/1998, de 10 de xullo, é na Administración xeral do Estado e nos Organismos públicos vinculados ou dependentes dela que teñan persoal funcionario ou estatutario ao seu servizo, tal e como establece o artigo 1 do mesmo- do que se desprende que non resulta directamente de aplicación á Administración Local-, pode non obstante, dada a falta de previsión no Acordo regulador e no Convenio Colectivo doutros sistemas de designación dos delegados de prevención , aplicarse con carácter supletorio e analóxico.

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDO:

**Primeiro.-** Modificar o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada en data 13 de decembro de 2007 , relativo á designación de representantes do Concello no Comité de Seguridade e Saúde, quedando éste redactado nos termos que resultan dos apartados seguintes.

**Segundo.-** Designar como representantes do Concello no Comité de Seguridade e Saúde aos/ás seguintes Sres/as Concelleiros:

Polo grupo político do PSdeG-PSOE:  
Titular:  
D. Antón Lois Noceda Carballo.

Suplente:  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Silvar Canosa.

Polo grupo político do BNG:

Titular:

D<sup>a</sup> Inés Roca Requeijo

Suplente:

D. Edgar Antonio Vigo López

Polo grupo político do PP

Titular:

D. Gumersindo Pedro Galego Feal

Suplente:

D<sup>a</sup> Rocío Aurora Bértoa Puente.

Polo grupo mixto:

Don Manuel Sánchez Martínez.

Terceiro.- Establecer un sistema de quendas por semestres para que todos os grupos obstenten a presidencia do Comité de Seguridade e Saúde, correspondéndolle á primeira quenda ao grupo político do Partido popular.

Fene, 27 de outubro de 2008.

A ALCALDESA ACCTAL.

Asdo: Rita María Couto Seijido.”

Aberto o turno de intervencións (.../...)

Rematadas as intervencións e sometido pola Peresidendica o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Organización e Seguridade acorda por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 27 de outubro de 2007 que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos.”

Non producíndose intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria, o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 27 de outubro de 2008 sendo aprobado por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade de data 27 de outubro de 2008, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

## **8.- PROPOSTA DO GRUPO POLÍTICO DO BNG RELATIVA AO PLANO DE TRANSPORTE METROPOLITANO PARA FERROLTERA 2009.**

A continuación, polo Sr. Alcalde-Presidente dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial de data 31 de outubro de 2008 que transcrito di:

“... Seguidamente e antes de entrar no punto de rogos e preguntas intervén o Sr. Presidente e manifesta que polo voceiro do grupo político do BNG presentouse unha proposta relativa ao Plano de Transporte Metropolitano para Ferroltera 2009 , para a súa inclusión por vía de urxencia.



A continuación pide o uso da palabra a Sra. Roca Requeijo quen, unha vez concedido, manifesta a urxencia do asunto ven motivada polo feito de que se ten previsto poñer en marcha o plano no ano 2009 e ao obxecto de poder tratar o asunto na vindeira sesión ordinaria do Pleno da Corporación.

De seguido pola Presidencia sométese a votación ordinaria a urxencia, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a urxencia.

Seguidamente dáse conta da proposta do voceiro do grupo político do BNG de data 30 de outubro de 2008 que, transcrita di:

“Manuel Polo Gundín, con D.I. 32668642V, portavoz do GM do BNG no Concello de Fene, o abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte:

### **PROPOSTA A PLENO**

O pasado 22 de outubro tivo lugar unha xuntanza entre a Directora Xeral de Transportes, Mar Chao, e representantes dos Concellos de Ares, Fene, Ferrol, Mugardos, Cabanas, Pontedeume, Neda, Narón, Valdoviño e Cedeira para negociar as liñas xerais do futuro plan de transporte metropolitano para Ferrolterra que se poñerá en marcha no 2009.

Na citada reunión, a Directora Xeral expuxo a intención da xunta de:

- Incrementar a subvención da Xunta que pasaría do 60% ao 80% co que achega dos Concellos se reduciría do 40% ao 20%.
- Implantar o cartón intelixente, que permitirá o acceso a outras redes metropolitanas de transporte como, por exemplo, a da Coruña.
- Introducir a Tarxeta Metropolitana de Galicia Social, na que o concello beneficiará a colectivos con menos recursos, asumindo o custe.
- Establecer a gratuidade dos transbordos e unha tarificación en función da zona na que se mova o/a pasaxeiro/a, polo que este/a non terá que pagar o billete completo.
- Negociar as liñas de forma bilateral cos representantes de cada Concello se ben a achega da Xunta só se fará efectiva para aquelas liñas que se estendan a varios Concellos.

Vistos os resultados da citada reunión é polo que

#### **Propoño ao pleno da corporación adoptar o seguinte acordo.**

- a) Manifestar publicamente o apoio do Concello de Fene ás directrices xerais do Plano de Transporte Metropolitano para Ferrolterra'2009.
- b) Dar traslado deste apoio á Dirección Xeral de Transportes da Xunta de Galicia e aos medios de comunicación.
- c) Negociar de xeito bilateral coa Dirección Xeral de Transportes o establecemento, a maiores das existentes, das seguintes liñas de transporte:
  - Extensión da actual liña de Tranvías Ferrol-O Puntal a Fene, creando un percorrido circular en ambos sentidos.
  - Nas liñas regulares de proximidade con destino a Ferrol-Ares-Mugardos-Pontedeume, establecemento dunha parada na Avenida de Tarrío á altura do Centro de Saúde.

- Creación dun novo servizo ao Hospital Arquitecto Marcide acorde cos horarios nos que se adoitan fixar as probas de analítica.

d) Facultar á Concelleira-Delegada de Servizos e Mantemento para convocar a representantes dos Concellos limítrofes ao obxecto de iniciar o estudo para a creación dunha nova liña de transporte interparroquial e intermunicipal.

Fene, 30 de outubro de 2008

**Asdo.: Manuel Polo Gundín**  
**Voceiro GM do BNG de Fene”**

Aberto o debate(..../....)

Rematado o debate e sometido pola presidencia o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial acorda con cinco (5) votos a favor( dos Sres/as López Rodríguez, Rodríguez Carballeira, García Balado, Roca Requeijo e Sánchez Martínez), ningún voto en contra, e coa abstención dos Sres/as Concelleiros /as Gallego Feal e Fornos Corral , dictaminar favorablemente a proposta do voceiro do grupo político do BNG de data 30 de outubro de 2008 , que deven en dictame nos termos anteriormente transcritos.”

Aberto o debate intervén o Sr. Alcalde-Presidente e di que esta é unha proposta tamén do grupo de goberno e que ven ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que o que supón a proposta é dar un cheque en branco e que pensa que ademáis vai supoñer un gasto para o Concello porque vai ter que asumir a tarxeta metropolitana Fene Social, o que lle parece ben, pero non que o publicite a Consellería, xa que se quen vai pagar esa tarxeta é o Concello de Fene é este que debe vender, entre comiñas, esta tarxeta. Continúa dicindo que antes de manifestar o apoio deberíase negociar coa Consellería de transportes o que se pide no apartado c) da proposta e, unha vez negociado, incorpora-lo ao Convenio e trae-lo ao Pleno para a súa aprobación. Remata a súa intervención o Sr. Galego Feal dicindo que polo que expuxo vanse abster.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que vai votar a favor; que pasar a subvención do sesenta por cento ao oitenta por cento xa é beneficioso, ademáis doutras cousas positivas, como a implantación do billete único, ou a tarxeta social da que se beneficiarán os colectivos máis desfavorecidos.

Seguidamente pide o uso da palabra a Sra. Roca Requeijo quen, unha vez concedido, di que este novo transporte mellora o anterior do Señor Feijoo; di que apostan por mellorar o transporte; que simplemente polo que os Concellos aforran xa é un bo plan; que van pelexar polo transporte interparroquial, pola extensión de travesías, porque as lineas regulares paren á altura do Centro de Saúde e pola creación dun novo servizo ao hospital Arquitecto Marcide; que en canto á tarxeta social, é o Concello quen elixe ao colectivo ao que beneficiará.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente e di que desde o grupo socialista están de acordo coa proposta, porque, ademáis do dito pola Sra. Roca Requeijo, valoran o esforzo que fai a Consellería de Política Territorial por mellorar o transporte en Ferrolterra; di que lembra que isto non é máis cunha manifestación para negociar coa Xunta o Convenio que logo virá ao Pleno para a súa aprobación, no seu caso.

Pide novamente o uso da palabra o Sr. Galego Feal e, unha vez concedido, di que eles o que din é que estáse a poñer primeiro o carro antes das vacas; que eles o que entenden é que primeiro deberíase negociar e logo traer ao Pleno o Convenio para a súa aprobación.

Rematado o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial de data 31 de outubro de 2008, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (13), (dos/as Sres/as Concelleiros/as Puentes Rivera, Noceda Carballo, José Antonio López Rodríguez, Silvar Canosa, Manuel López Rodríguez, García Balado, Rodríguez Carballeira, Couto Seijido, Polo Gundín, Vigo López, Roca Requeijo, Pico Sanmartín e Sánchez Martínez).

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: catro (4), (dos/as Sres/as Concelleiros/as Galego Feal, Bértoa Puente, Franco Casal e Fornos Corral).

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado ditame da Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial de data 31 de outubro de 2008, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

#### **9.- DACCIÓN DE CONTA DO ESCRITO PRESENTADO POLO VOCEIRO DO GRUPO POLÍTICO DO PSdeG-PSOE DE DATA 21 DE OUTUBRO DE 2008 RELATIVO AO NOMEAMENTO DE SUPLENTE DA COMISIÓN DE FACENDA E PROMOCIÓN ECONÓMICA.**

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente dáse conta do escrito presentado polo voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE de data 21 de outubro de 2008 (entrada 21-10-08, rexistro núm. 11717), no que expón que na xuntanza do grupo socialista do Concello de Fene realizada o día 20 de outubro de 2008 acordouse o nomeamento de Don Antón Lois Noceda Carballo como suplente da Comisión de Promoción Económica e Facenda.

#### **10.- DACCIÓN DE CONTA DA DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES NA MESA DE CONTRATACIÓN DO CONCELLO DE FENE EFECTUADA POR ESCRITO DO VOCEIRO DO GRUPO POLÍTICO DO PSdeG-PSOE DE DATA 10 DE OUTUBRO DE 2008.**

Polo Sr. Alcalde-Presidente, dáse conta do escrito do voceiro do Grupo Político do PSdeG-PSOE de data 10 de outubro de 2008 (entrada 10-10-08, rexistro núm. 11249) no que, entre outras cousas, expón que na xuntanza do Grupo municipal socialista celebrada o pasado martes día 7 de outubro acordouse nomear como representantes na Mesa de contratación do Concello de Fene a:

Titular: Don Antón Lois Noceda Carballo.

1º suplente: Don José Antonio López Rodríguez.

2º suplente: M<sup>a</sup> Carmen Silvar Canosa.

3º suplente: Manuel Angel Rodríguez Carballeira.

4º suplente: Dona Amalia García Balado.

#### **11.- DACCIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.**

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 624 do 1 de outubro de 2008 e a número 699 de data 30 de outubro de 2008.

## **12.- MOCIÓNS URXENTES.**

Non se presenta ningunha.

## **13.- ROGOS E PREGUNTAS.**

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez e manifesta que á vista dunha das resolucións das que se deu conta ao Concello, chámalle a atención a cantidade de rectificacións do padrón que se producen por cambios de residencia.

O Sr. Alcalde intervén e manifesta que non sabe o motivo, pero que o consultará á funcionaria encargada.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal e pregunta se existe algún problema verbo da titularidade dos terreos onde se vai ubicar a segunda galescola; pregunta se existen datas concretas e prazos de execución da obra do muro das Chancas; pregunta se hai datos e prazos para a execución das obras do túnel de Marqués de Figueroa e Rúa A Torre; pregunta cando se vai limpar o río Cádavo; pregunta qué pasa no pavillón de Barallobre, xa que lle dixeron que estaba pechado; di que Vicepresidencia ía facer o Centro de Día e non saben nada; que leu na prensa que se ían facer sesenta vivendas sociais e queren saber quen, ónde e cando; que insisten na nova sinalización do cruce de Rego da Moa, porque a estrada segue igual e que queren saber si se fixo algunha xestión.

Continúa a súa intervención o Sr. Galego Feal e di que queren saber se existe algún problema para a realización do acceso á parroquia de Barallobre á entrada de Vilar do colo; pregunta si se ten pensado adoptar algunha medida sobre separación de pluviais e fecais no edificio de Mercadona; que en canto ás beirarrúas de Conces dixéronlles que non se ía a executar na forma prevista e queren que se aclare este extremo; di que en canto á ampliación do polígono de Vilar do Colo preguntaron no seu día se había algún bosquexo e se lles contestou que non, pero que a eles chegoulles da rúa un plano que, segundo pon o mesmo, confeccionouse en decembro de 2007; que a eles se lles dixo que non había nada e existe un plano circulando pola rúa, polo que queren saber se ese plano é certo e que, se é así, se lles faga chegar unha copia do mesmo.

Continúa e pregunta se hai algún inconveniente coas parcelas comerciais de Vilar do Colo; di que van solicitar información por escrito verbo das persoas que están a percibir a prestación da Lei de dependencia, xa que nun pleno se lles dixo que eran doce e, segundo eles, a prestación non a cobra ningún. Di que como rogos formula os seguintes:

- Que cando o Concello presta un servizo aos cidadáns saiban que se lles está a prestar polo concello, xa que o programa "Xantar na Casa", se ben o paga en parte o Concello, o publicita a Xunta, polo que solicita que nun servizo como éste, no que colabora o concello, se faga constar esta colaboración.

- Que se retome o programa de supresión de barreiras arquitectónicas, xa que cre que está paralizado. Roga se vixíen as obras de urbanización que os promotores están obrigados a facer para que as beirarrúas cumpran a lei de supresión de medidas arquitectónicas

-Que, dado que son coñecedores dos problemas que está a ter o concelleiro delegado de persoal co persoal deste Concello, e que son conscientes de que iso está repercutindo tanto no ánimo como, ao mellor, incluso no traballo das persoas que prestan servizos a este concello e que iso, ao mesmo tempo pode repercutir na prestación dos servizos aos veciños, cre que estase chegando a unha situación de impás, polo que roga ao Alcalde que persoalmente faga as intervencións necesarias para que a situación se reconduza, xa que é algo que debe ser obxecto da máxima e prioritaria atención.

- Que roga ao grupo do BNG que se axilice a participación das sociedades na elaboración do orzamento para que, na medida do posible se aproximen ás datas fixadas na moción do BNG aprobada.

- Roga ao BNG que as medidas anticrise que sacaron na prensa as traian ao Pleno.

Seguidamente intervéñ o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que dos rogos danse por enteiros. Continúa e di que en relación ás xestións feitas coa Dirección Xeral de ferrocarrís e coa ADIF a semana pasada en Madrid o resultado é que hai unha vontade unánime da corporación de solucionar un problema de permeabilidade que ten a vía do tren, tanto na estación como na zona do Cruceiro en Perlio, na estación, para substituír o paso elevado que está nun estado lamentable, e no Cruceiro para facer un paso e suprimir o paso a nivel que hai sobre a vía; que despois de xestións feitas no pasado con ADIF e ver que o tema se dilataba no tempo, tómase a decisión de ir directamente a Madrid a falar co presidente de ADIF o primeiro día, e o que transmite sobre este asunto é que, por unha banda o xestor de infraestructuras ferroviarias está absolutamente disposto a facer esta obra, e por outra banda que a vía que pasa por Fene é de titularidade do Ministerio de Fomento polo que precisan que este ministerio o inclúa nas previsións de actuación para o vindeiro ano de obra en liña convencional en España; que o segundo día tense unha reunión coa dirección xeral de ferrocarrís e lles remite ao departamento de proxectos quen lles transmite que en principio é viable, así como que tamén son conscientes desa necesidade; se lles pide que se aporte un informe por parte do Concello, que preparou a oficina técnica, sobre o estado no que se atopan estes pasos e están pendentes da última decisión da dirección xeral de ferrocarrís para que digan que a inclúen ou non nas previsións de obra para o vindeiro ano.

Continúa o Sr. Alcalde a súa intervención dicindo que verbo das vivendas sociais do Sartego, como dixo noutros plenos, é unha preocupación fundamental do goberno a construción de vivenda pública en Fene; que o primeiro que había que resolver eran esas vivendas que se ían facer na parte de arriba do parque Castela, e que houbo un problema cos terreos, xa que non chegaba a superficie, polo que houbo que comprar terreos e, solucionado isto vánse iniciar en breve as obras por parte da Xunta tal como se lles dixo; que quedan as xestións de vivenda nova e de vivenda pública nova, e que sobre iso remitiuse no seu día ao Ministerio da Vivenda unha copia do plan de urbanismo de Fene, de áreas de planeamento que estaban pendentes de desenvolver e que a Sepes podería estar interesada ou non en desenvolver algunha delas para chegar a esa cifra de vivendas que se dicía e que era a que eles estimaban como necesaria para facer a priori no Concello; di que tamén se iniciaron contactos coa Consellería de Vivenda para poder levar a cabo vivenda pública, ben en terreos que xa ten o Concello como, por exemplo, na parte traseira do Perla novo, e que tamén a Consellería de Vivenda presentou recentemente o plan sectorial de vivenda no que se contempla unha bolsa de terreos en Fene susceptibles de poder desenvolverse urbanísticamente; que teñen solicitada unha entrevista coa Consellería de Vivenda para intentar concretar isto e para poder poñer prazos, ofrecer terreos, e para que neste mandato se poida executar vivenda pública en Fene; que estase a xestionar e intentando pechar estes acordos.

Di que en relación ao tema de Rego da Moa, comparten totalmente a preocupación expresada, e que é certo que as obras levan nunha situación de provisionalidade durante un tempo demasiado excesivo; que había un compromiso por parte do Ministerio para repintalo en torno ao verán e segue sen se repintar e sen adoptar esa solución provisional para o cruce do Rego da Moa; que o vindeiro luns teñen unha reunión na Demarcación de Estradas de Galicia co responsable para transmitirle esta inquedaanza, para que boten dunha vez a segunda capa de asfalto na zona urbana de Fene e se finalice definitivamente o pavimento da estrada N-651 e se repinte en Rego da Moa para evitar os accidentes de tráfico que hai nestes momentos.

Continúa dicindo que sobre a variante da estrada de Barallobre, a estrada do Cemiterio cara ao polígono industrial de Vilar do Colo, para salvar precisamente o cruce do Rego da Moa, o compromiso da Deputación, tal e como puideron comprobar en datas recentes por contactos que tiveron, segue en pé para executar esa obra; que o compromiso é que o Concello redacte o proxecto e a Deputación faga a obra; que o proxecto foi encargado polo Concello, remitiuse unha proposta inicial á Deputación, e estanse a facer unhas modificacións no proxecto que practicamente está rematado e que tan pronto sexa entregado ao Concello será remitido á Deputación para que se poida executar a obra. Manifesta que con respecto ás beirarrúas de Conces, hai unha demanda histórica por parte dos/as veciños/as da zona para que se constrúan desde a Casa da Cultura ata Neda, unha vontade do goberno de poder atender esa demanda; que se iniciaron contactos coa Consellería de Política Territorial, que é a titular da estrada; que o que se plasma no proxecto que ten a Xunta de Galicia é unha beirarrúa cun bordiño elevado sobre a estrada como calquera outra beirarrúa que ten o Concello de Fene, cun ancho medio de 1,80 metros aproximadamente e que os únicos matices que ven con esta obra, tanto pola súa parte como pola dos veciños cos que se ten falado; que a solución que lle da a Xunta é que leve un pavimento de cor, contínuo, máis ou menos como o que ten a praza verde de Perlio, que parecerá máis ou menos estético; que eles están dispostos a ver iso coa Consellería pero que non lle parece unha mala solución; que si hai un problema que están vendo coa Consellería, que son as zonas de aparcamento porque a zona de beiravía neste momento, nesa estrada, unha parte se ocupa con esa beirarrúa e a beiravía nalgunhas zonas se utiliza para aparcarse, polo que estase a mirar a posibilidade de que en determinadas zonas na traseira da beiravía, se retranquee a beirarrúa para poder facer o aparcamento.

Continúa a súa intervención o Sr. Alcalde-Presidente e di que verbo da pregunta feita polo voceiro do PP de cómo se podía facer iso se xa estaba contratada a obra, quere dicir que hai unha figura que é a modificación do proxecto; que efectivamente a pesar de que a obra esté contratada, obras deste tipo si que se poden modificar e que a Xunta está en disposición de poder acoller e intentarán recoller o máximo posible as inquedanzas dos veciños, trasladalas á Xunta de Galicia e mediar entre Xunta e veciños para que se poidan ter en conta.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Couto Seijido quen, unha vez concedido, manifesta que en canto aos terreos da Escola de Carril, estes terreos cedéronse coa condición de que as obras da escola unitaria se comezasen nos dous anos seguintes á cesión; que aínda que non hai probas, a escola constrúese e que, independentemente disto, non haberá problema, xa que o que se cederá é o uso, non a propiedade. Continúa dicindo que en canto ao Centro de Día eles dixeron que o Consorcio aportará o oitenta por cento e que cando se faga, pediráse á Deputación o vinte por cento; que en canto á titularidade dos terreos, trátase dunha compravenda que está formalizada nun documento privado e non elevado a escritura pública; que están a estudar as posibilidades para resolve-lo e que se non se pode resolver buscarán outra ubicación.

(Auséntase do salón de sesións o Concelleiro Don Antón Lois Noceda Carballo).

Continúa a Sra. Couto Seijido a súa intervención e di que en canto á dependencia hai varios PIAS aprobados; que desde o Concello estase a prestar o servizo e que as prestacións económicas lles corresponden á Xunta; di que en canto ao servizo "Xantar na Casa" pensa que o máis importante é o servizo, non a publicidade pero que quere que saiban que si aparece o Concello na publicidade.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. José Antonio López Rodríguez quen, unha vez concedido, manifesta que en canto ao muro das Chancas fíxose o estudio xeotécnico e agora os autores do proxecto están a pedir colaboración a empresas especializadas en contención; que en canto á limpeza do río Cádavo, Augas de Galiza aínda non contestou e que ata que non conteste non poden facer nada; que en canto ao tema de mercadona, a separación de pluviais e fecais, é un problema que afecta a todo San Valentín e que, aínda que cre que por agora é de difícil solución, o pretenden abordar.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Silvar Canosa quen, unha vez concedido, manifesta que o deterioro do pavillón do Ramo é un tema que ven da anterior corporación e que están á espera de que lles presenten orzamentos para substituír o parqué que está en peores condicións.

(Incorpórase ao salón de sesións o concelleiro Don Antón Lois Noceda Carballo).

Seguidamente intervén o Sr. Polo Gundín e manifesta que con respecto á ampliación de Vilar do Colo, como todos saben, hai un proxecto que se rematou no 2004 e que foi adxudicado nesta primavera por Sepes e paralizado por parte da Subdirección Xeral de Patrimonio de protección dos camiños e da cidade de Santiago de Compostela que indica que o ramal de acceso está fóra de ordenación, que non se contemplaba no ano 85 cando se empezou a facer o plan parcial do polígono; que despois, nas sucesivas adaptacións do plan, ese vial xa se recolleu; que o polígono tamén estivo afectado pola construción da estrada As Pontes-Mugaridos, a autoestrada, que atravesaron o polígono por distintos niveis e foron modificando incluso a súa configuración; que sobre a ampliación ten que dicir que da visita de hai un ano fixeron a Sepes para desbloquear a modificación puntual que tiña avanzada o Concello de trescentos vinte mil metros, porque este Concello tiña o compromiso de que se Sepes non ampliaba o polígono o faría a Consellería de Vivenda, e oito meses despois cando van a Sepes, hai un cambio de Ministerio, cambia toda a estrutura da Sepes e se pasa a ter unha receptividade por parte deste organismo e é onde se lles informa de que non hai problema con eses trescentos vinte mil metros e que incluso se pode ir a máis; que incluso o Alcalde encargou á oficina técnica un anteprojecto e como indicou o concelleiro de urbanismo está alí a disposición e que quen o pediu se lle facilitou; que sobre o atranco nas parcelas Q agora mesmo, Sepes adxudicou en xuño a finalización segundo proxecto do ano 2004, que a Consellería de Cultura no ano 2006 crea unha Subdirección Xeral de protección dos camiños, precisamente unha subdirección que se estivera creada con anterioridade non habería as desfeitas no camiño Inglés que houbo en Vilar do Colo e nos accesos da autovía no polígono da Gándara e na autoestrada; en definitiva, que cando se dan esas autorizacións é no ano 2004 e no ano 2008 variaron cuestións normativas na propia Xunta de Galicia e hai que dar esas explicacións por parte de Sepes que é a redactora dos proxectos e a que está a facer as actuacións; que o concello non fai nada máis que trasladar iso.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, di que coincide co dito polo voceiro do PP verbo do plano, xa que él tampouco sabía nada del; di que roga que se aumente o número de axudas de Reis para que cada neno, alomenos, teña un xoguete; que pide que os escritos que se presenten polos veciños se leven ás comisións

correspondentes; pregunta pola reunión mantida polo Sr. Alcalde coa Dirección Xeral de ferrocarrís, xa que a situación na que está a ponte é lamentable; di que cando se aprobou a moción do BNG verbo dos orzamentos xa dixo que dubidaba de que se cumprisen os prazos e di que dubida que se cumpran. Continúa a súa intervención dicindo que hai unha serie de temas dos que falou en certas comisións, como é o gran deterioro existente entre o equipo de goberno e os representantes dos traballadores; que xa rogou que se tomasen máis en serio as reunións, que se respecta e se celebrasen con máis periodicidade; que co carid que están a tomar as cousas poden acadarse niveis que non gustarían a ninguén. Di que quere preguntar cantas solicitudes ten o programa "Xantar na casa", e cómo están verbo dos prazos que existen. Continúa e pregunta como está o tema de Radio Fene, xa que quedou pendente de solucionar a designación dos representantes en Emuga.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que en canto aos escritos dos veciños/as o Sr. Sánchez Martínez ten toda a razón e que se encargará de que se leven ás comisións.

Continúa dicindo que, verbo do plano ao que fixo referencia o Sr. Galego Feal, é un plano que está na oficina técnica a disposición de todo o mundo e que é un plano dunha previsión de terreos que no seu día se remitiu a SEPES, así como que, en todo caso, no momento en que haxa calquera cuestión ou anteproxecto será posto a disposición dos/as veciños/as e de todos os grupos políticos. Di que, en canto aos orzamentos, por parte da Concellería de facenda remitiuse a todas as Concellerías un escrito no que se pide que se lle fagan chegar as previsións de gastos e ingresos de cada unha para facer un borrador e que están nesa fase. Continúa dicindo que, verbo do ferrocarril, para ter feitos hai que facer xestións e que, en canto ao paso elevado, pedíuselle un informe á oficina técnica para ver cómo está e proceder a adoptar as medidas de seguridade precisas.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que con respecto á ampliación do Polígono de vilar do Colo, na vindeira comisión vai levar o documento que teñen entregado os veciños para valorar todas as medidas a tomar en canto ao polígono no seu conxunto; di que unha obra proxectada no ano oitenta e cinco que a día de hoxe esté sen rematar é un problema.

Continúa dicindo que, en relación aos orzamentos, hai un compromiso do goberno de ter as contas canto antes; que como dixo o Sr. Alcalde pedíuse a cada unha das Concellerías que fixesen unha previsión de gastos e ingresos e que o BNG ten un borrador de medidas de carácter económico e social.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal e, unha vez concedido, manifesta que a eles nunca se lles dixo que tiveran acceso ao plano ao que fixo referencia, senón que, é máis, se lles dixo que non existía e que este documento lles chega a través dos veciños, como a través dos veciños lles chegan todos os escritos que se presentan por rexistro, porque en dezasete meses que levan de lexislatura falta o primeiro escrito que se levara por comisión

Intervén seguidamente o Sr. Alcalde-Presidente e di que dubida que se negase a existencia dese documento.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Rodríguez Carballeira quen, unha vez concedido, manifesta que desde a Concellería de urbanismo, despois da reunión coa SEPES, se fixo ese plano e se lle deu a todas as persoas que o pediron; que outra cousa é que o PP non o teña; que ese documento está a dispor de todo o mundo.



De seguido pide o uso da palabra o Sr. Vigo López quen, unha vez concedido, manifesta que quere que o Sr. Galego Feal rectifique o que dixo porque non existe ningún escrito de veciños/as referente á súa Concellería dos que non de conta á comisión de Cultura.

Intervén o Sr. Galego Feal e manifesta que rectifica.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Couto Seijido e, unha vez concedido, di que en canto ao número de solicitudes do programa “Xantar na casa” neste momento non pode dar ese dato pero que informará do mesmo na vindeira semana.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, di que en canto á emisora están traballando no tema e que está bastante avanzado; que cando estea rematado convocará á Comisión Informativa para debatelo.

### **13.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DO CONCELLEIRO DON MANUEL LÓPEZ RODRÍGUEZ.**

Seguidamente, pola Sra. Secretaria, de orde do Sr. Alcalde-Presidente procédese a dar lectura ao escrito presentado por Don Manuel López Rodríguez de data 31 de outubro de 2008 (entrada 31.10.08, núm. rexistro 12285) que, transcrito di:

*“Fene, 31 de outubro de 2008.*

*MANUEL LÓPEZ RODRÍGUEZ, CONCELLEIRO DO CONCELLO DE FENE, delegado dos Servizos de Facenda, Estadística e Patrimonio, a medio do presente, e por motivos de saúde:*

#### *RENUNCIA A SUA CONDICIÓN DE CONCELLEIRO DESTA CORPORACIÓN*

*Quero agradecerlle ó pobo de FENE e ó PSdeG-PSOE (especialmente a D. IVAN PUENTES) a oportunidade que me deron de ser concelleiro.*

*Asimesmo, quere agradecerlle a todos os concelleiros desta corporación, ao persoal funcionario e laboral, ó bo trato dispensado durante todo este tempo.”*

Aberto o turno de intervencións pide o uso da palabra o Sr. Manuel López Rodríguez quen, unha vez concedido, manifesta que, en primeiro lugar, quere facer unhas aclaracións en relación á súa renuncia da acta de concelleiro; que, como ben acaba de expoñer a Sra. Secretaria do Concello, en data de 31 de outubro presentou neste concello un escrito presentando a súa renuncia aínda que xa con anterioridade o tiña comunicado ao seu grupo municipal e ao secretario xeral da agrupación e ao Alcalde; di que en primeiro lugar, quere facer unha pequena explicación verbo do seu estado de saúde; que, como todos saben, o cargo de concelleiro leva implícito, entre outras cousas, que en momentos determinados se xeran emocións, e moito máis si se forma parte do grupo de goberno; que no seu caso, dado o seu carácter, a súa personalidade e os seus principios, esas emocións estábanlle a afectar na súa saúde, impedíndolle levar de forma máis axeitada a delegación que ten encomendada ou calquera outra; que unha vez diagnosticado o problema, se o tratamento consiste en evitar situacións que poidan provocar esas emocións, todos comprenderán a súa decisión; que quere aclarar que os seus principios non lle permiten contemplar ningunha alternativa fóra do grupo socialista, polo que renuncia á acta de concelleiro para facilitar a incorporación doutro membro da candidatura do PSdeG-PSOE. Continúa dicindo que en segundo lugar, quere agradecerlle ao PSdeG-PSOE e de forma moi especial a D. Iván Puentes que lle deu a

oportunidade de formar parte da candidatura ás eleccións municipais de 2007, ao pobo de Fene, especialmente aos veciños da parroquia de Sillobre polo seu apoio maioritario, xa que grazas aos seus votos o PSdeG-PSOE pasou a ser a forza máis votada na parroquia de Sillobre así como no conxunto do Concello de Fene; da as grazas aos concelleiros desta Corporación, ao persoal funcionario e laboral, polo bo trato dispensado durante todo este tempo; que antes de rematar, quere pedirlle desculpas a tódolos veciños de Fene por non ser capaz de cumprir todo o mandato para o que foi elixido; da as grazas ao Sr. Alcalde, ás Sras Concelleiras, aos Sres Concelleiros, á Sra. Secretaria e á Sra. Interventora e di que a todos moitas grazas, e que para él foi un orgullo e unha satisfacción formar parte desta Corporación.

A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que queren agradecerlle ao Sr. Manuel López Rodríguez a súa participación na candidatura, o seu apoio no proxecto e todo o traballo que lle dedicou ao Concello, polo que agradece esa participación e entrega; di que sempre di que todos/as os/as veciños/as deberían saber o que é ser Concelleiro e deberían ter esa xenerosidade e entrega aos demais que supón dedicarlle, neste caso, un ano e medio de vida para tratar de solucionar os problemas. Remata dicindo que como a vida non termina, nin a ideoloxía, está seguro que desde a rúa e desde a súa casa o Sr. Manuel López Rodríguez seguirá a traballar por este pobo e lle da moitas grazas.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que desde o Partido Popular queren agradecerlle ao Sr. Manuel López Rodríguez o trato recibido e que o seu traballo foi realizado de xeito impecable; di que xa cando se trataron os orzamentos o felicitaron, porque eran os primeiros orzamentos comprensibles. Remata a súa intervención dicindo que no grupo do Partido Popular deixa catro amigos.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que desexa ao Sr. Manuel López Rodríguez o restablecemento da súa saúde o máis axiña posible e que espera que se atopen, xa que cantos máis anos se vexan será mellor para os dous.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, di que quere dicir dúas cousas en nome do seu grupo, unha emocional, que é agradecerlle ao Sr. Manuel López Rodríguez o traballo realizado, desexarlle unha melloría no seu estado de saúde e que disfrute da súa familia, e outra cuestión racional: que se aproveite a remodelación do goberno para facer unha remodelación das áreas máis positiva ao obxecto de lograr a paz social.

Coñecido o escrito de renuncia o Pleno da Corporación acorda por unanimidade:

Primeiro.- Tomar coñecemento da renuncia presentada polo Concelleiro Don Manuel López Rodríguez.

Segundo.- Remitir certificación do presente acordo á Xunta Electoral Central, achegando copia do escrito de renuncia e indicando que a persoa á que lle corresponde cubrir a vacante, segundo resulta das candidaturas proclamadas pola Xunta Electoral de Zona de El Ferrol, publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 94 de data 25 de abril de 2007, en concreto á correspondente ao PSdeG-PSOE, a xuízo desta Corporación, é Don Juan Manuel Lourido González.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás dezanove horas e trinta e sete minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Vº e praxe,  
O Alcalde-presidente

A secretaria xeral,

Asdo. Iván Puentes Rivera.

Asdo.: Pilar María Pastor Novo.